


## Carta da Delegación ós Arciprestes e párrocos

*Estimados irmáns:*

Queremos presentar a Campaña eclesial anual, da Pastoral da Saude que **comeza o día 11 de febreiro, Nosa Sra. de Lourdes, Xornada Mundial do enfermo, e remata o día 6 de Maio, VI Domingo, coñecido como Pascua do Enfermo.**



*A primeira data vai máis dirixida aos axentes pastorais sanitarios e cuidadores de enfermos, e a segunda á atención parroquial dos enfermos e á Celebración comunitaria con eles da Unción dos enfermos, sacramento de vivos.*

A maioría dos enfermos actualmente están nos fogares (88%). As nosas comunidades deben seguir acompañando dunha forma creativa e afectiva a aqueles que noutro tempo compartiron na Parroquia os seus dons, enerxias, cualidades, e tamén ás súas familias.

Ademáis de saudarvos queremos ofrecervos o material acostumado deste ano: **Cartel, Estampas e Subsidio litúrxico** para as dúas datas, que contén tamén a Mensaxe do Papa

para esta ocasión. E para aqueles que lles interese temos unha publicación de **Temas de formación** para traballar en grupo: “*Acompañar ás familias na enfermidade*”, que poden conseguir en contacto coa Delegación.

Finalmente, invitarvos a dúas datas, que desexamos que informedes na Parroquia:

### **Día 10 de febreiro, sábado: Celebración diocesá da Xornada Mundial do Enfermo.**

- **9,00: Eucaristía** concelebrada na capela da **Residencia Sta Marta de Vigo**, con motivo do 175 aniversario do nacemento da fundadora Sta Teresa Jornet, muller que responde co seu carisma atendendo ás familias con dificultades para coidar e, sobre todo, a aquelas persoas sen familia (Desamparados).
- **10,00: Acollida e tempo de Formación** (salón de actos da Residencia) para os grupos parroquiais de pastoral da saude, voluntarios visitantes de enfermos xa constituídos. Gustaríanos que participasen aqueles laicos, sacerdotes e consagrados interesados en crear -co apoio do seu párroco- un grupo ou equipo parroquial de Pastoral da saude. Soñamos que nas parroquias de Vigo e capital

de concello houbera un grupiño de atención ós enfermos, vinculado á Delegación diocesana.

- 13h: **Celebración mariana** con motivo de Nosa Sra. de Lourdes (no xardin).
- 13.45: **Xantar** compartido (comedor de invitados da Residencia).
- 17h: **Encontro (testimonio-formación-oración) de mozos enfermos que viven nas suas casas**. Pedimos colaboración para que non teñades medo a invitalos a participar (salón de actos da Residencia: ten acceso fácil, calefacción e merenda).

**26 febreiro, luns, no Seminario, de 12 a 1.30 : Encontro co Bispo, delegado e subdelegado de Pastoral da saúde dos Arciprestes, capeláns de hospitais e residencias e tódolos sacerdotes interesados** para plantexar cómo mellorar a relación dos servizos relixiosos do hospital coa parroquia, as visitas e sacramentos que os curas celebrades no hospital e as implicacións pastorais da famosa Lei de protección de datos, e outras preguntas ou suxerencias que teñades para renovar o compromiso da obra de misericordia “*visitar aos enfermos*”. Habería posibilidade de comer xuntos, si avisades.

Vigo a 22 de febreiro de 2018 (festa de s. Vicente, mártir)

Suso Carracedo e Benito R. Guerreiro  
*Pastoral da Saude*  
Consérvase a lingua dos autores